

# BOLETÍN INFORMATIVO

Unidade de Igualdade

*Nº 39 - Marzo de 2020*

---

## CONTIDO

<b>CONTIDO</b> .....	<b>1</b>
<b>CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS</b> .....	<b>2</b>
CURSOS.....	2
CONVOCATORIAS.....	2
CONGRESOS.....	3
<b>AXENDA</b> .....	<b>5</b>
<b>NOVAS DO DUVI</b> .....	<b>6</b>
<b>NOVAS ADQUISICIÓNS BIBLIOGRÁFICAS UVIGO</b> .....	<b>7</b>

Contacto: [igualdade02@uvigo.es](mailto:igualdade02@uvigo.es)

## CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS

---

### CURSOS

#### Feminicidio.net. [+Info](#)

Continúa aberto o prazo de inscrición nos diversos cursos ofertados.

#### ONU Mujeres Centro de Capacitación. [+Info](#)

Cursos dispoñibles todo o ano en diferentes modalidades: autoaprendizaxe, moderados, semipresenciais, presenciais e personalizados.

### CONVOCATORIAS

#### Axudas 2020 Unidade de Igualdade. [+Info](#)

A Unidade Igualdade convoca axudas para financiar actividades docentes e de sensibilización en materia de xénero e de transmisión de valores igualitarios na Universidade de Vigo.

#### Presentación do libro: *Cómplices. A violencia machista institucional*. [+Info](#)

A presentación contará coa participación das autoras do libro: Iría Vázquez, Lola Ferreiro e Olalla Villaronga. O evento será o 6 de marzo na Librería de Mulleres Lila de Lilith situada en Santiago de Compostela.

#### Invitación para contribucións en Clepsydra, revista internacional de estudos de xénero e teoría feminista. [+Info](#)

Queda aberto o prazo de recepción de artigos e reseñas para o número 20 (novembro de 2020) da revista Clepsydra. Esta revista publica semestralmente contribucións orixinais e de carácter investigador

relacionadas co xénero, o feminismo e os estudos das mulleres desde diversas perspectivas e disciplinas. A data límite de envíos é o 31 de marzo de 2020. Máis info en [clepsydra@ull.es](mailto:clepsydra@ull.es).

#### I Concurso de vídeos «Informatízate». [+Info](#)

Ten por obxecto promover a divulgación das TIC e contribuír ao cambio dos estereotipos de xénero que asocian o traballo en TIC co xénero masculino. A temática poderá estar relacionada coa visibilización das mulleres que traballaron ou traballan en temas relacionados coas TIC. O prazo de presentación remata o 13 de abril de 2020.

#### III Convocatoria dos Premios WONNOW de CaixaBank e Microsoft Ibérica. [+Info](#)

Premios destinados a alumnas universitarias de carreiras con menor presenza feminina na área de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas. O galardón ten como fin promover, pór en valor e estimular a excelencia, tanto académica como persoal, das mulleres estudantes universitarias das áreas antes mencionadas, dando visibilidade social ao esforzo, tesón e capacidade feminina nestes campos. O prazo de presentación remata o 30 de abril de 2020.

#### X Convocatoria Premio AEIHM a teses doutorais, 2020. [+Info](#)

Co obxecto de promocionar os estudos históricos sobre as mulleres, a Asociación Española de Investigación de Historia das Mulleres (AEIHM) convoca o Premio AEIHM a teses doutorais relacionadas coa historia das mulleres e/ou das relacións de xénero. O prazo de presentación de traballos finaliza o 31 de maio de 2020.

## Axudas para a organización de congresos e seminarios do IUIEG. [+Info](#)

O IUIEG convoca axudas para financiar parcialmente a organización de congresos, seminarios e outro tipo de actividades científicas no ámbito dos estudos de xénero. O prazo de presentación da 2.<sup>a</sup> convocatoria finaliza o 15 de xuño de 2020.

## Axudas, subvencións, e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero e promoción da igualdade da Xunta de Galicia, ano 2020.

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [+Info](#)

Axudas de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [+Info](#)

Axuda para a atención integral de persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata. [+Info](#)

Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero e mulleres gravemente feridas. [+Info](#)

Subvenciones a entidades locais para a promoción da Igualdade. [+Info](#)

## CONGRESOS

### II CICELI, Congreso Internacional CreadorAS na Educación Literaria e Intercultural [+Info](#)

Celebrarase en Valencia do 16 ao 18 de xullo de 2020. O prazo de recepción de propostas remata o 8 de marzo de 2020. Para máis información contactar con [ciceli@uv.es](mailto:ciceli@uv.es).

### Seminario Internacional. Feminismos no mundo árabe: correntes, perspectivas e retos de futuro. [+Info](#)

Organizado polo Departamento de Filoloxías Integradas, Área de Estudos Árabes e Islámicos, da Universidade de Alacante. Para solicitar a inscrición gratuíta, enviar un correo electrónico a [dfint@ua.es](mailto:dfint@ua.es)  
 Datadas de realización: 9 e 10 de marzo de 2020.

### XXIV Congreso Internacional: «Quen teme a Virginia Woolf? A indignación das mulleres en tempos de manadas». [+Info](#)

Organizado polo Instituto Universitario de Estudos Feministas e de Xénero Purificación Escibano. Presencial: o 23 de abril de 2020. Virtual: do 23 ao 30 de abril de 2020.

### V Edición de Informática para tod@s (IPT) [+Info](#)

Este evento promove a participación das mulleres no sector tecnolóxico. Celebrarase en Valencia o 24 e 25 de abril de 2020.

### VIII Congreso Universitario Internacional Investigación e Xénero [+Info](#)

Organizado polo Seminario Interdisciplinario de Estudos das Mulleres da Universidad de Sevilla (SIEMUS). Celebrarase os días 25 e 26 de xuño de 2020.

### The 11th European Conference on Gender Equality in Higher Education (GEHE) [+Info](#)

O Ministerio Español de Ciencia, Innovación e Universidades en colaboración coa Universidade Politécnica de Madrid e co soporte da Rede Europea de Igualdade de Xénero en Educación Superior e outros Stakeholders convocan a conferencia que se levará a cabo en Madrid do 16 ao 18 setembro de 2020. O envío de propostas para contribucións permanecerá aberto até o 3 de marzo de 2020.

## Actividades do Centro de Documentación e Recursos (CDR). [+Info](#)

Programa de actividades que se realizan no Centro de Documentación e Recursos Feministas no período comprendido entre o mes de xaneiro e o mes de xullo de 2020: faladoiros, presentacións de libros, club de lectura, laboratorio de lectura e escritura, entre outros.

## Día Internacional da Muller [+Info](#)

Concello de Vigo. Mes de marzo 2020.

## Día Internacional da Muller [+Info](#)

Deputación de Pontevedra. Mes de marzo 2020.

A Asociación de Mulleres en Igualdade de Vigo convida a ser parte nunha xornada para visibilizar o labor e contribución das mulleres nos diferentes ámbitos profesionais. Data: xoves 5 de marzo 2020.

## XVI Xornadas para a Igualdade. [+Info](#)

Do 6 ao 18 de marzo de 2020. Concello de Allariz

## Día Internacional da Muller

Xornada 365+1 [+Info](#)

## AXENDA

---

### Mes de marzo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

- 1 de marzo 2020:** Manifestación polo Día Internacional das Mulleres en Verín.  
Convoca: Galegas 8M. Maior información sobre transporte e horarios en [+Info](#)
- 5 de marzo 2020:** Celebración do acto oficial do Día Internacional das Mulleres na Universidade de Vigo, Casa das Campás (Pontevedra), ás 12.00 h.
- 6 de marzo 2020:** Folga estudantil feminista, antirracista e antifascista contra a violencia machista e a educación franquista, convocada polo Sindicato de Estudantes. [+Info](#)
- Vigo: Farola Urzáiz 12:00 h
  - Ourense: Subdelegación do Goberno 12:00 h
  - Ferrol: Edificio Xunta 12.00 h
  - A Coruña: Praza da Palloza 12.00 h
- 8 de marzo 2020:** **Día Internacional das Mulleres**  
Galegas 8M chama a unha xornada de mobilización e loita para visibilizar o eixo dos coidados como elemento central da reivindicación 2020. Accións en barrios e municipios que enchan os espazos públicos.
- 6 de marzo 2020:** Rolda de prensa para presentar o Informe sobre a igualdade entre mulleres e homes 2019 na Universidade de Vigo e o Itinerario Virtual de Xénero da Universidade de Vigo. Facultade de Ciencias da Educación, salón de graos (Ourense), ás 11.00 h.

## NOVAS DO DUVI

---

250 rapazas celebrarán o Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia nos laboratorios da UVigo. [+Info](#)

A Universidade abre as portas dos seus laboratorios ás científicas e tecnólogas do futuro. [+Info](#)

Referentes femininos para espertar vocacións científicas. [+Info](#)

A Unidade de Igualdade subvencionará actividades que promovan a sensibilización en materia de xénero. [+Info](#)

Cinco egresadas e un egresado recibirán esta semana en Vigo os Premios Sofía Novoa. [+Info](#)

17 comentarios fotográficos sobre os xéneros. [+Info](#)

Os obradoiros do segundo cuadrimestre renóvanse incorporando apicultura, cultura xaponesa, rock ou enxertos de árbores. [+Info](#)

Mariscadoras que se reivindicán a través da arte. [+Info](#)

Creatividade para reivindicar a Rosalía de Castro. [+Info](#)

O 50% das traballadoras estranxeiras tería que mudar de ocupación para estar equilibradamente representadas no mercado laboral. [+Info](#)

Un chamamento a compartir voces fronte ao machismo. [+Info](#)

14 referentes femininos en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría. [+Info](#)

---

## NOVAS ADQUISICIÓNS BIBLIOGRÁFICAS UVIGO (Xaneiro 2020)

---

### Biblioteca Central de Ourense

CIREZ TAMBO MARÍA FELISA, DOMÍNGUEZ ALEGRÍA GLORIA, TEJADA GÁMEZ MARÍA Y LÓPEZ MONTERO ROCÍO (2019): *Brechas 2.0: impacto de las brechas digitales en niños y niñas de familias migrantes y refugiadas*. Madrid: Accem: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.

MONOGRÁFICO DE: REVISTA DE SERVICIOS SOCIALES Y POLÍTICA SOCIAL, N. 45 (1999), ISSN 1130-7633: *Nueva perspectiva de género*. Madrid: Consejo General de Colegios Oficiales de Diplomados en Trabajo Social y Asistentes Sociales.

### Biblioteca Filoloxía e Tradución

KELLEHER, MARGARET. (1997): *The feminization of famine: expressions of the inexpressible?*. Durham, NC: Duke University Press.